



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Bases didácticas da educación especial inclusiva		Código	652G01034
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Sanchez Bello, Ana	Correo electrónico	ana.sanchez.bello@udc.es	
Profesorado	Fernández Sánchez, Andrea Sanchez Bello, Ana	Correo electrónico	andrea.fernandez.sanchez@udc.es ana.sanchez.bello@udc.es	
Web	erodriguezmachado.wordpress.com			
Descrición xeral	<p>A atención á diversidade é un dos elementos claves a desenvolver no sistema educativo. Resulta de especial importancia que o profesorado de Infantil teña sexa consciente da necesidade de adoptar modelos de traballo que favorezan o desenvolvemento persoal de todo o alumnado, independentemente das necesidades e características que teña cada alumno e alumna.</p> <p>Por este motivo, é imprescindible que o futuro docente teña coñecemento de modelos de traballo de planificación e desenvolvemento da acción docente para responder ás necesidades de todo o alumnado, entre eles e elas, o que é destinatario da Educación Especial; daranse a coñecer experiencias educativas; procurarse a formación na elección, adaptación e elaboración de materiais e recursos educativos nunha aula na que hai alumnado con diferentes ritmos, intereses, necesidades, etc.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A6	Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.
A7	Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención.
A8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais que se propoñan.
A9	Adquirir recursos para favorecer a integración educativa de estudantes con dificultades.
A10	Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A16	Identificar trastornos no sono, a alimentación, o desenvolvemento psicomotor, a atención e a percepción auditiva e visual.
A17	Colaborar cos profesionais especializados para solucionar ditos trastornos.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A32	Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.



B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.	A4	B24	
Identificar dificultades de aprendizaxe, disfuncións cognitivas e as relacionadas coa atención e a percepción auditiva e visual e deseña actuacións específicas.	A6 A7 A13 A16	B2 B6 B24	
Crear e manter lazos de comunicación familia-escola para incidir eficazmente no proceso educativo e valorar esta relación como un factor de calidade da educación.	A10 A32	B6 B7	C1
Empregar técnicas de observación e rexistro para a identificación das necesidades educativas, analizar os datos obtidos e elaborar un informe para o profesional pertinente e valorar como a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade.	A23 A24 A26		C1 C4
Coñecer, informar e traballar con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención as necesidades educativas, así como, cando sexa necesario na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo atendendo as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.	A8 A17 A21	B5 B6 B7 B16	C1 C4
Coñecer e deseñar actuacións e recursos educativos que favorezan a integración educativa de estudantes con dificultades.	A4 A7 A9 A16	B2 B3 B24	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A atención á diversidade na escola: evolución e modelos.	Evolución da Educación Especial Modelos de atención á diversidade Conceptualización NEAE e NEE
2. As diferenzas de capacidades na aula de Educación Infantil	As diferenzas de habilidade motórica e auditiva As diferenzas de habilidade relacional e comunicativa As diferenzas de capacidade cognitiva
3. As diferenzas por factores sociais, ambientais e culturais na Educación Infantil	Resposta educativa ante a diferenza sociocultural Inmigración e escola infantil
4. Organización da resposta á diversidade na educación infantil. Departamento de Orientación, EOE, CFR, servizos externos...	O apoio educativo á diversidade: modelos e organización Organización. funcións e marco lexislativo do apoio á diversidade
5. Resposta á diversidade na escola infantil	Avaliación psicopedagóxica Modelos de escolarización Medidas ordinarias de atención a diversidade Medidas extraordinarias de atención a diversidade



6. Estratexias para a inclusión educativa.	Deseño Universal de Aprendizaxe -DUA - Recursos educativos: SAAC, TEACCH...
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A6 A7 A8 A9 A13 A16 A23	8.5	15	23.5
Estudo de casos	A7 A8 A9 A16 A17 A21 A23 A24 A26 B2 B3 B16 B24 C1 C4	6	14	20
Lecturas	A6 A13 A16 A23 B3 B24 C4	0	6	6
Aprendizaxe colaborativa	A8 A10 A17 A21 A32 B24 C4	4	0	4
Traballos tutelados	A4 A13 A17 A21 A23 B3 B5 B6 B7	6	19	25
Proba de resposta múltiple	A4 A7 A8 A9 A16 A23 A24	2	12	14
Portafolios do alumno	A7 A8 A9 A13 A21 A23 B3 B5 B24 C1 C4	5	12	17
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Realizarase ao inicio de cada unidade temática, ou cando através do seguimento do traballo de aula e individual, se perciba a necesidade de aclarar ou introducir conceptos esenciais ou novidosos
Estudo de casos	A través de casos reais ou supostos estudaranse especialmente os temas relacionados coas distintas discapacidades
Lecturas	Indicaranse na aula as que teñen carácter obrigatorio e as que teñen un carácter opcional
Aprendizaxe colaborativa	Procederemos en dous sentidos: -En equipos terán que facer unha proposta de intervención na aula dende unha perspectiva inclusiva -Terán que poñerse en contacto con persoas da comunidade educativa para coñecer cómo contribúen no desenvolvemento de prácticas educativas dende unha perspectiva colaborativa
Traballos tutelados	En equipos de 3 ou 4 persoas terán que recoller unha experiencia educativa realizada en unha aula de Educación Infantil onde haxa alumnado con NEAE e terana que analizar dende o punto de vista da inclusividade do alumnado. A experiencia podera recoller nun centro, nunha publicación, etc.
Proba de resposta múltiple	Se realizarán actividades encamiñadas a poder dar resposta ao proceso de avaliación
Portafolios do alumno	O alumnado terá que realizar unha recolleita dos contidos elaborados na aula para a partir de aí, analízalos, interpretados e enriquecer as opinións propias coas achegas dos autores propostos na bibliografía aduxntada ou outros autores lidos polo alumnado

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Traballos tutelados Portafolios do alumno	<p>Estas actividades desenvolveranse coa supervisión periódica do profesor ou profesora da materia. Nesta supervisión solventaranse as dudas que poidan presentarse e daranse indicacións sobre as diversas fases de elaboración.</p> <p>O alumnado non asistente deberá establecer comunicación coa profesora para a preparación da materia.</p>
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A4 A7 A8 A9 A16 A23 A24	Proba final da materia que constará de 20 preguntas de resposta múltiple.	30
Traballos tutelados	A4 A13 A17 A21 A23 B3 B5 B6 B7	Realización dunha proposta educativa seguindo a metodoloxía DUA - Deseño Universal do Aprendizaxe - para un aula de educación infantil. As actividades propostas deben en liña contidos traballados na materia e cos obxectivos da DUA, as metodoloxías, recursos e avaliación deben atender as características e necesidades individuais do ACNEAE. A proposta debe ser deseñada tendo en conta un modelo de atención a diversidade inclusivo.	30
Portafolios do alumno	A7 A8 A9 A13 A21 A23 B3 B5 B24 C1 C4	Recollida da información, dos contidos e tarefas traballados na clase, para proceder á súa análise e interpretación e contraste coas opinións dos autores e autoras: Os criterios de avaliación do documento serán: -Integración dos contidos abordados e das actividades realizadas na aula. -Reflexión e opinión persoal -Ampliación de coñecementos empregando as fontes documentais e investigación persoal. -Aplicabilidade ao teu traballo como docente no ámbito da EI.	40

Observacións avaliación



1. OPCIONS DE AVALIACIÓN:

Opción A.

Alumnado con dedicación completa: asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:

- a) Elaboración do traballo tutelado (30%).
- b) Exame de resposta múltiple (30%).
- c) Portafolio grupal dixital (40%).

Opción B.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a normativa.

Alumnado cunha asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:

- a) Elaboración individual do traballo tutelado (50%).
- b) Exame de resposta múltiple (50%).

2. OBSERVACIONES ADICIONAIS:

1- Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados, portafolio dixital e proba de resposta múltiple).

2- O traballo tutelado e o portafolio presentarase antes da data do exame oficial.

3- A convocatoria de xullo está sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño.

4- Os traballos do alumnado deberán ser orixinais. Calquera traballo copiado suporá o suspenso da materia e a avaliación na convocatoria correspondente. A efectos de avaliación, un mesmo traballo non pode ser utilizado para varias materias, excepto nas actividades programadas de forma coordinada.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Moya, A. (2002). El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo?...realiza su trabajo. . Archidona: Ediciones Aljibe. - Acosta, V.M. (2004). Las prácticas educativas ante las dificultades del lenguaje. Una propuesta desde la acción. La colaboración entre logopedas, psicopedagogos, profesores y padres. Barcelona - Echeita, G. (2007). Educación para la inclusión o educación sin exclusiones. Madrid: Narcea. - Parrilla, Á. (2003). La Respuesta Educativa a la Diversidad. Bases Pedagógicas de la Educación Especial: Manual para la Formación Inicial del Profesorado. Madrid: Biblioteca Nueva - Núñez, T. (2008). Educación Especial: normalizar ou volver patolóxicas as diferenzas.. Revista Galega do Ensino - González, D. (1993). Adaptaciones curriculares. Guía para su elaboración. Málaga: Aljibe. - Stainback, S. e Stainback, W. (2001). ulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo . Madrid: Narcea.
Bibliografía complementaria	<p>- () . .</p> <p>Páxinas con imáxes para elaborar e encontrar</p> <p>material:http://uk.dk.com/static/cs/uk/11/clipart/index.htmhttp://iespana2.gograph.com/IntegrationSimpleSearch.cfm?cfid=17779http://prescolaire.grandone.com/clipart/activites/index.htmhttp://www.disabilityworld.org/09-10_01/spanish/in-dice.shtmlhttp://especial.fcep.urv.es/http://www.webespecial.com/webespecial.htmhttp://www.pntic.mec.es/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/01_03_01.htmhttp://cidat.once.es/http://needirectorio.cprcieza.net/http://www.wtec.es/~jlagares/indexcastella.htmhttp://informaticaparaeducacion.especial.blogspot.com/2008_05_01_archive.htmlhttp://villaves56.blogspot.com/2008/07/vocaroo-para-trabajar-la-expresin-oral.htmlhttp://cprcaspe.educa.aragon.es/RECURSOS/compensat.htmhttp://www.polibea.com/libros/index.htmhttp://platea.pntic.mec.es/~fmaquina/rg.htmhttp://www.revistaeducacion.mec.es/enlaces3.htmhttp://www.ulpgc.es/index.php?asignatura=1354130013572&ver=pd_bibliografia&id_Páxinas con sons grabados para elaborar</p> <p>material:http://www.findsouns.com/types.htmlhttp://iris.cinice.mecd.es/bancoimagenes/sonidos/directorio.php</p> <p>Outros materiais de apoio:REVISTASRevista Educación Especial. Málaga: Aljibe.Revista Catalana d'Educació Especial i Atenció a la Diversitat. Vic:DepartamentRevista Galega da EducaciónRevista Galega do EnsinoCuadernos de PedagogíaRevista de Innovación EducativaRevista QuinesiaDisability & SocietyEducational PsychologyEmotional and Behavioural DifficultiesEuropean Journal of Special Needs EducationHigh Ability StudiesInternational Journal of Disability, Development and EducationInternational Journal of Inclusive EducationJournal of Intellectual & Developmental DisabilitySpecial Educational Needs Abstracts</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías